

“Os recitais son o xeito máis directo de facer chegar a poesía ao receptor”

LV De Luns a Venres

22/xuño/11

Xavier Rodríguez Barro foi durante anos un poeta de referencia que se fixo con todos, ou case todos os galardóns que un poeta galego pode ter: o Celso Emilio Ferreiro, o Esquíu, o Baleirón... Ademais é unha desas figuras de vital importancia no desenvolvemento do institucional do galego. Participou na fundación asociación de Escritores en Lingua Galega e do PEN Clube e no colectivo literario Cravo Fondo. Case 20 anos despois da publicación do seu último poemario ven de facerse co premio Cidade de Ourense, coa súa obra *Calado Testamento*.

Pregunta: ¿Que o impulsou a escribir este poemario despois de tantos anos?

Resposta: Desde a publicación do último libro dos 14 de poesía: *Antiga claridade* –Premio Martín Códax no 92–, cheguei á conclusión de que era tempo de descanso e de que levaba unha tónica de produción poética excesiva, tan característica da miña xeración. Así que comecei unha pausada elaboración deste poemario, tomeino con calma e levei 15 anos preparandoo, coidando moito o ritmo e o léxico do idioma. Esta lentísima preparación permitíume coidar, plantexar e replantexar a estruturación da obra. Entre tanto puíden adicarme a outros proxectos.

P: Fálenos deses outros proxectos...

R: A parte de estar traballando na elaboración doutro poemario, que comecei dunha forma case paralela a este, e de desempeñar o cargo de coordinador de normalización lingüística na Deputación de Lugo; adiqueime á paixón que teño polo recitado, unha actividade que desempeñei xunto a Luciano Pérez. Xuntos fixemos unha montaxe musical moi moderna. Percorremos vilas e cidades de Galicia, Portugal; Madrid e Barcelona. Mesturábase instrumentos como a zanfona recitando poesía moderna e contemporánea. Imaxínate o poema de Ferrín Magnolias recitado con instrumentación medieval.

Tamén recitábamos outros autores como Manuel Cuña Novás, Tobar ou Manuel María, e mesmo os trobadores que foron homenaxeados no Día das Letras Galegas de 1998. Durante os anos 96, 97, e 98 recitamos unhas montaxes musicais Fiusa TVG todos os clásicos e moitos dos contemporáneos; desde os precursores Curros, Rosalía... ata García Bodaño, Manuel María... Son un grande amante dos recitais, é unha forma directa de facer chegar o mensaxe ao receptor. Prefiro que a xente escoite os meus poemas a que os lean. Baixo a miña opinión é a mellor maneira de divulgar a poesía, ademais cando publiquéi o meu primeiro libro tivera a sorte coincidir dous grandes maestros neste de recitar: Uxío Novoneira e Carlos Oroza.

P: ¿Como foi a elaboración de *Calado Testamento*?

R: En primeiro lugar me plantexei a estruturación do libro, isto é algo moi importante. Eu nunca fun de publicar poemas soltos. E logo esa lentitude na construción do poema, con esa obsesión pola pulcritude lingüística, gústame forzar ao máximo as estruturas do idioma, o ritmo... Eu emprego o verso libre, poemas moi longos e tamén versos moi longos. Nesa medida requírese un esforzo cando menos engadido, que concibo para que o poema chegue do xeito máis agradable posible, para que non sexa un 'rollo' prosaico que non leva a ninguna parte. Eu son un lingüista apaixonado, e ademáis traballo diso, aínda que noutros ámbitos como coordinador da normalización lingüística na deputación de Lugo.

O título foi este desde o principio, nalgún mometo tivo outro, pero acabou chamandose *Calado Testamento*, porque ao chegar aos 50 anos hai que facer balance: balance de vida, da terra, de Galicia... Balance mesmo no amoroso, do familiar, sobre a inocencia de outros tempos. Un resumo vital. A palabra "testamento" pode que teña connotación oscura, pero o que se pretende é facer balance sobre estas propiedades inmateriais. Cando fas un testamento é algo que non se vai abrir ata que morras. Así que facendo uso da metáfora, falo de vivenzas caladas as que xorden no libro. E están aí para quen queira lelo ou escoitalo porque insisto en que é máis importante recitar estes poemas que o que os lean. Prefiro recitar, ou mellor dito: decir os poemas porque é un contacto directo coa xente.

P: Polo que di, supoño que tras a presentación do libro terá programada unha longa axenda de recitais...

R: Nuns tres meses *Calado testamento* estará na rúa, tal e como está conformado nas bases do certame coa editorial Espiral maior, e farei presentacións nas que irán amigos e prologuistas do libro, pero a min gústame, soamente, recitar brévemente o libro. Os poetas temos a teima de coller un micrófono e recitar un tostón, pero hai que saber medilos. Porque se un non é breve e conciso acaba aburrindo a audiencia, e iso non é recomendable, prefiro que se vaian con gañas de máis antes que aburridos.

P: ¿Que opinión ten das novas xeracións de poetas galegos? ¿Gustaríalle recitar á súa obra algún día?

R: Hai xente moi nova, que o está dando por Galicia: Daniel Salgado, Ana Arias, Lupe gomez, Yolanda Castaño... Cando queiran que eu lles lea o farei encantadísimo. Esta xeración de novísimos poetas e poetisas están nunha dinámica moi similar á miña. Fan recitais en pubs... antes parecía que había que facelos en lugares sagrados como no círculo das artes de Lugo. Con isto están a facer un acecaramento grandísimo da poesía á xente. Vexo un pouca da miña xeración nesta, tamén nós fumos novísimos, de aquelas o mais vello era Alfredo Conde con 30 anos e eu o máis novo con 17.

P: Como lingüista, ¿como ve a saúde do galego na actualidade?

R: A saúde do galego é boa comparandoa a cando eu comecei a escribir. Daquelas non había máis gramática que a de Ricardo Carballo Calero e estaba en castelán: Gramática elemental del gallego común. E o único diccionario que había era o de Xose Luis Franco Grande, un tocho vermello publicado por Galaxia. Desde logo o avance e abismal a nivel de implantación e saúde, o avance é infinitamente grandioso. Outra cousa e que a estas alturas, uns 30 anos despois da normalización lingüística debería haber un tipo de implantación máis avanzada da que hai. E desde logo o que o idioma este baixo un constante sometemento dos vaivéns das lexislaturas dunha ou outra cor, facendo que unhas veces suba, outras baixe, outras oscile, outras quédase ahí... É como o poema de Xosé María Castro. Un paso adiante i outro atrás,

Galiza, i a tea dos teus sonos non se move . Eu creo que o idioma ten que estar respetado políticamente independentemente do cor que veña. E un apoio indispensable para a saúde perfecta, ideal e plena do idioma.